


# Máis vale previr que lamentar

Para estar seguro,  confía no teu corredor.

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos

Boletín Mensual  
Nº 31 / Setembro 2015

## Pensa coa cabeza para andar cos pés.



*"Teño un amigo rico que se preocupa moito polo seu diñeiro presente e futuro. Vive folgadoamente e ten as costas ben cubertas. Xubilase o ano que vén e cobrará a pensión máxima. El está afeito a un salario maior. Así que decidiu vender a súa empresa e coller un bo puñado de euros para manter o seu nivel de vida actual. Que sorte!*

*Eu vivo dun traballo modesto, nunha casa modesta, sen estreitezas, pero con mesura e mirando o euro. Gardo uns aforriños no banco, por se acaso, e a xubilación do meu amigo deume que pensar. Cando me toque a min... terei pensión, será suficiente? Os xornalistas publican que a pirámide de natalidade se inverteu e que non hai nenos suficientes para garantir o estado do benestar.*

*Non gaño moito. Pero, despois dos 65, necesito seguir cobrando o mesmo que agora. Que fago?"*

### Cando e como garantir o teu futuro?

Ao camiñar miras ao chan e, tamén, para diante. Anticipas os teus próximos pasos!

Por iso tes que aforrar para mañá. Nestes anos servícheste dos teus propios medios para saír adiante. Agora pensas en asegurar os teus ingresos para cando deixes de traballar. Falo por ti, polos teus fillos, que aínda non serán independentes, porque aínda non acabarías de pagar a hipoteca, porque necesitarás cambiar de coche e, caramba!, porque queres manter o teu status.

Repasa os teus actos: aseguras o teu fogar, o teu coche, probablemente a túa saúde e mesmo ata o móbil... E non vas asegurar os teus ingresos?

**Pénsao dúas veces e déixanos asesorarte**, existen varias fórmulas:

- **VIDA:** que recomendamos cando aínda es novo e tes necesidades e compromisos financeiros (hipotecas, préstamos, fillos ao teu cargo...).
- **AFORRO:** que che recomendamos cando vas cumprindo anos e pensas nos teus ingresos futuros.

### "Píllase o mentireiro... Fraude en seguros"

Esta é a historia dun empresario español que intentou enganar a aseguradora. Simulou un incendio nunha nave industrial da súa propiedade. Para garantir o éxito da operación e esquivar posibles "avisos", decidiu ser el mesmo quen provocase o lume. Non obstante, non era un pirómano experto e verteu o combustible de fóra cara a dentro, e non ao revés. Cando se decatou era moi tarde: caeu na súa propia trampa.


Os seguros de coches son os máis propensos a "amañar" sinistros con 7 de cada 10 intentos de fraude, segundo os datos de ICEA.

- *"Di o meu amigo que no taller da esquina che fan un apaño e lle cobran o arranxo ao seguro".* – A estratexia de mercadotecnia do taller funciona moi ben e, pouco a pouco, vai conseguindo unha boa clientela. Ata que "o boca a boca" chega a oídos da compañía de seguros. Entón remata o negocio e empezan a salpicar problemas en todas as direccións.

A crise contribuíu ao nacemento dun novo negocio: **as tramas organizadas para estafar o seguro**. Incrementáronse un 500% no último ano, pasando de 7 casos a 45.

Segundo UNESPA, en 2014 detectáronse **156.000 intentos de fraude que evitaron perdas de 426 millóns de euros por indemnizacións indebidas**. A pesar destes datos non son actitudes xeneralizadas e os españois somos conscientes das súas implicacións.

Ademais a fraude non só afecta as compañías, senón que tamén afecta o resto de cidadáns, xa que un falso sinistro por cobrar unha indemnización falsa, aumenta a sinistralidade global, e para compensar, as aseguradoras incrementan as primas a nivel xeral. Sentenza: normalmente, **"o que a fai, pága"**.



## Intocables: la realidad de la Dependencia supera a la ficción



Un alxeriano conducía un Maserati a toda velocidade pola rúas de París. Varias patrullas da Xendarmería francesa perseguírono ata que, finalmente, conseguiron detelo. Non obstante, non foi sancionado. Para relaxarse o alxeriano comezou a fumar co seu acompañante, un tetrapléxico.

Philippe Pozzo di Borgo está atado a unha cadeira de rodas dende 1993 a consecuencia dun accidente en parapente. Dirixía o negocio familiar de Champagne Pommery. É un aristócrata que quedou viúvo e contratou os servizos dun inmigrante con antecedentes penais (Abdel Sellou) para que o coidase.

Dúas historias de “intocables” que se uniron forxando unha estreita amizade.

Un vivía nun palacio e estaba sumido nunha forte depresión polo seu accidente e pola morte da súa esposa. O outro, condenado á marxinación dos pobres e delinquentes. Ambos os dous refixeron as súas vidas: o rico vive en Marrocos felizmente casado e con dous fillos, e o pobre converteuse nun empresario da distribución de polos en Alxer.

### A outra cara da moeda

*Intocables* é o título da película francesa, baseada en feitos reais, que en 2011 conmoveu millóns de espectadores de todo o mundo. Pero hai outras historias...

Jomian Leonel (13 anos) era un “*gran dependente*” que tamén estaba afectado de parálise cerebral e que vivía en España. Non podía comunicarse e sufría anemia permanente. Á súa nai concedéuselle unha axuda mensual de 387 euros. Para cobrala debía “*presentar previamente as facturas o día 10 de cada mes para que entre en nómina o día 20*”. Non obstante, o diñeiro chegaba con atraso e a súa nai gastaba 500 euros no pequeno. A Jomian autorizóuselle a axuda en decembro (2013) e morreu en marzo do ano seguinte (2014).

Segundo a Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, recortouse 835 millóns de euros en axudas á Dependencia (ano 2013), reduciuse a contía das prestacións económicas un 15% (2012) e deixouse fóra da Seguridade Social a 145.000 coidadores.

### “Vostede ensíname a ler e eu ensínoo a vivir”

É unha frase do coidador nos Intocables. Entrar nunha situación de dependencia supón reconsiderar a forma de vivir. O avance da calidade de vida na sociedade permitiu que as aseguradoras, para estes casos, deseñen os **seguros de Dependencia**. **Garantan un diñeiro cando o asegurado se encontra nunha situación de dependencia; ou sexa, que non pode valerse por si mesmo.**

### Recomendación



### Sen carné e... sen ingresos

Imaxinas unha aguiña sen ás? Non podería cazar e morrería de fame. E un cirurxián cunha lesión nas mans? Deixa de operar automaticamente. Pensa nun profesional “do volante” que non pode conducir. Se é autónomo, perde os seus ingresos. Se traballa por conta allea, a retirada do carné pode custarlle o despedimento.

Alguns non somos taxistas, nin camioneiros, nin repartidores... Non obstante, utilizamos o coche habitualmente e unha infracción MOI GRAVE levaríanos a unha situación económica bastante delicada. Segundo a Memoria Social do Seguro (UNESPA 2014), as scooters (49,9%), camiións (43%) e furgonetas (34%) son os vehículos máis propensos a contratar a cobertura de perda da licenza de conducir.

### Causas e consecuencias

Podes quedar sen carné por dous motivos:

- **Cando perdes todos os puntos.** Un exemplo é ir acumulando infraccións leves (falar polo móbil, non levar posto o cinto...).
- **Por infracción moi grave.** Por exemplo, conducir a máis de 191 km/h en vías de 120 km/h, ou cunha taxa de alcohol elevada (máis de 0,60 mg/l en aire expirado ou 1,2 g/l en sangue).

Dende hai 9 anos, máis de 100.000 condutores perderon o permiso de conducir. Deles, 80.000 acudiron a cursos de recuperación, que hai que pagar. Para aliviar o gasto e a perda de ingresos que supón non poder conducir, naceu o **seguro para a retirada do carné**.

Antes de contratalo debemos facernos dúas preguntas: **canto diñeiro percibirás ao día para paliar as túas perdas económicas derivadas de non conducir? e durante canto tempo?** Loxicamente, o límite da indemnización depende do salario de cada un.

**Como “corredor” teu aconséllóche que, se utilizas o coche diariamente, contrates esta cobertura sen dubidalo.**